

EXPOSICIÓN NO COLEXIO DE ARQUITECTOS DA CORUÑA

«Con esta mostra quero achegar ao público á China de verdade»

P. ABET
A CORUÑA


A exposición «Memorias de China», que onte se inaugurou na sede do Colexio de Arquitectos da Coruña, recolle en trinta e dúas imaxes as vivencias do fotógrafo Alfonso Novo, que

despois dun lustro no país asiático propón unha mostra repleta de miradas certas e sentimento. Como se dunha sorte de mosaico da sociedade chinesa se tratase, Novo traza un percorrido polo día a día das súas xentes, poñendo o foco de atención sobre a súa cara menos coñecida. «Despois

de anos vivindo en China, tiña centos, miles de fotografías de todas as viaxes que fixera por motivos de traballo a pequenas e grandes cidades, en ocasións, sacadas cunha cámara compacta que levaba no meu maletín», explica o autor.

Daí que en todo momento Novo se decantase por visións afastadas da imaxe tradicional de China. «En todo momento tentei non tomar as imaxes que todos coñecemos, así como as fotografías estáticas, mudas e frías. Por iso cada instantánea representa un momento, un preciso instante, froito dunha sensación percibida e impregnada polos detalles dunha cultura milenaria», confesa. Pese a todo, os visitantes non botarán en falta na visita á mostra unha pequena colección de fotografías clásicas que inclúen a Gran Muralla e a entrada principal á Cidade Prohibida.

Este proxecto estrutúrase en distintas seccións temáticas entre as que destacan as edificacións antigas (tellados, mosteiros, portas) e tamén os roubados a persoas anónimas que están realizando tarefas cotiás como traballar, ler, comer ou durmir. Unhas visións que casan á perfección co espírito deste proxecto artístico, que non é o outro que o de «achegar un pouco máis ao espectador á China real», en palabras do autor.



Unha das imaxes que compoñen «Memorias de China». A. NOVO

INAUGURACIÓN

Unha exposición sobre tribus urbanas chega hoxe ao Ágora

P. TOIMIL
A CORUÑA

O Centro Cultural Ágora, en Coruña, exhibe dende onte e ata o próximo 25 de maio unha mostra fotográfica dedicada ás tribus urbanas. A exposición, que leva por nome «Arde la calle», pertence ao fotógrafo Miguel Trillo, e serve para inaugurar o programa de exposicións deste centro. A

mostra recolle un total de 70 imaxes tomadas por todo o mundo, algunhas delas sacadas en Galicia, reflectindo un mundo global no que os mozos de Londres, Pekín, Dubai ou Coruña posan diante da cámara cun xesto desafiante de «eu son tribu».

Porque as imaxes de Trillo, cargadas de tupés e crestas, chupas de coiro e chaquetas de chándal, pelos osixenados e tinguidos, gorras e ras-

tas, pantalóns caídos e pitillos, skates, cadeas de ouro, medias roídas, piercings e tatuaxes definen as diferentes tribus urbanas, formadas por unha xuventude que, ante todo, busca unha identidade.

Ademais, «Arde la calle» pretende ser un proxecto interactivo, no que os coruñeses poidan participar a través dun blog, colgando as súas fotografías relacionadas con tribus urbanas e coas tendencias da cidade. Neste sentido, Trillo aproveitará a súa primeira exposición en Galicia para comentar as entradas do blog. Tamén se realizarán visitas guiadas, unha máster-class con visionado de portfolios e intervencións de artistas locais de graffiti.

BREVES DE ACTUALIDADE

Un muradán trunfa coa gastronomía no Caribe

Manuel Caamaño González, un galego de Muros que leva máis de catro décadas no Caribe, é o dono dun restaurante construído sobre máis de 4.000 metros cadrados de terreo, extensión que o convirte no máis grande do Caribe. Logo dunha longa traxectoria como cocinheiro e empresario, rexenta «La Casana», establecemento ubicado nun edificio de máis de 80 anos de antigüidade, renovado e transformado nunha mansión de estilo colonial, que acolle unha das bodegas máis cotizadas da illa. Manolo contou a Efe que deixou a súa aldea natal, de Lira, cando tiña tan só 16 anos. Agora está orgulloso de ver os seus pasos e visualizar fitos coma este.

A Coruña acollerá un Encontro de Coaching

A Coruña acollerá o I Encontro de Coaching e Liderado Leadership Fórum Galicia, que se levará a cabo os días 9 e 10 de marzo na Fundación Novacaixagalicia, e que convertirá á cidade no epicentro desta materia, confirmou o director executivo, Tomás Arrojo. O Leadership Fórum Galicia parte dunha iniciativa privada que comezou hai un ano e ten intención de continuidade. Deste xeito, o evento celebrarase durante un lustro en diferentes cidades de Galicia. A seguinte será Vigo.

O grupo Amizades ofrece un concerto

O grupo de música galego «Amizades» celebrará o vindeiro 10 de marzo ás oito da tarde no Auditorio Fundación Once (Madrid) un concerto benéfico cuxa recadación irá destinada á oenegé Proxecto Home Madrid, co gallo de que manteña a súa loita contra a desvantaxe social e, así, poder garantir a súa continuidade e eficacia no labor que desenvolve dende hai 25 anos. O conxunto musical, xa consolidado dentro do panorama musical galego, conta con preto dunha vintena de membros e vai celebrar o décimo aniversario da súa estrutura actual.

O Inega explica como reducir en enerxía

Informar aos cidadáns de como reducir o gasto en enerxía tanto nos fogares como nas empresas é o obxectivo que perseguen as actividades organizadas no Módulo Itinerante de Eficiencia Enerxética do Inega, que durante dous días permanecerá en Ferrol, explicando formas prácticas que fomentan o uso axeitado dos recursos. O director, Eliseo Diéguez, incidiu no papel de cada cidadán na materia.